



Mércores, 3 de agosto de 2016

Nº 147

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL PONTEAREAS

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ODENANZA REGULADORA DAS AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL

A N U N C I O

A Corporación Municipal en Pleno levado a cabo o día 19 de xullo de 2016, acordou :

- 1º) Desestimar a alegación presentada o 2 de xuño de 2016 (registro nº 4736).
- 2º) Aprobar definitivamente a modificación da Ordenanza reguladora das Axudas de Emerxencia Social.
- 3º) Publicar o seu texto integro no BOP, taboleiro de anuncios e páxina web do concello.

Polo tanto o texto da Ordenanza reguladora das Axudas de Emerxencia Social, queda do seguinte xeito:

“ORDENANZA REGULADORA DAS AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL DO CONCELLO DE PONTEAREAS

FUNDAMENTACIÓN

A comisión europea fixo da loita contra a pobreza un elemento clave da súa axenda económica, laboral e social: a Estratexia Europea 2020.

Na súa Comunicación ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións, expón que a crise afectou sobre todo ás persoas más vulnerables da nosa sociedade. A situación de quen gaña menos séguese deteriorando e agora, esas persoas afrontan un maior risco de endebedamento e insolvencia.

O marco de actuación proposto pola Comisión ten o obxectivo de garantir a cohesión social e territorial, de forma que os beneficios do emprego e do crecemento, sexan ampliamente compartidos en toda a Unión Europea e as persoas que sufren a pobreza e a exclusión social poidan vivir dignamente e tomar parte activa na sociedade.





Mércores, 3 de agosto de 2016

Nº 147

As axudas económicas que se van a xestionar pola Concellería de Servizos Sociais do Concello de Ponteareas, de forma coordinada coas Concellerías de Economía e Facenda; Medio Ambiente, Deportes; Vías e Obras; Sanidade; Emprego, Comercio, Industria e Desenvolvemento Local; Seguridade Cidadá; Turismo e Cultura, teñen o seu fundamento legal nas normas que a continuación de enumeran:

A Constitución Española, establece nos artigos 39, 41, 139.1 y 149.1, que “los poderes públicos... deben asegurar la protección social, económica y jurídica de la familia, así como la protección de las personas en situación de necesidad, desamparo, circunstancias graves o urgente necesidad por carencias económicas y socio-familiares”.

A lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora de Bases de Régimen Local, modificada pola lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización y sostenibilidade da Administración Local no seu artigo 25, distingue as competencias propias das delegadas (artigo 27), prevendo a posibilidade de que as Entidades Locais poidan exercer competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación cando se cumpran os requisitos materiais e procedimentais recollidas no artigo 7.4.

A lei 13/2008 de 3 de decembro, ten por obxecto a ordenación e promoción do sistema público de servizos sociais na Comunidade Autónoma de Galicia. Segundo o previsto nos artigos 18.1 e 21 desta lei no desenvolvemento do programa básico de inserción social, os servizos sociais comunitarios básicos participan no procedemento de asignación das prestacións económicas de inclusión social.

A lei 10/2013 de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia define os Servizos Sociais como servizo público destinado a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e a participación social de toda a poboación mediante intervencións que permitan, entre outros obxetivos, “facilitar recursos e itinerarios de integración social a quen se atopa en situación ou risco de exclusión social”.

Conforme ao artigo 84 desta lei, corresponde aos concellos implantar e desenvolver os servizos sociais comunitarios necesarios, en cooperación coa Xunta de Galicia, podendo implicarse, asimesmo, os Organismos institucionais, provinciais correspondentes.

Deste xeito, os servizos sociais constitúense como medio instrumental organizado da acción social que emana do exercicio pleno da competencia da asistencia social.

Tendo en conta toda a fundamentación exposta, é preciso regular as prestacións sociais de carácter económico para situacións de especial necesidade individual, familiar e/ou da unidade de convivencia, outorgadas polo Servizos Sociais do Concello de Ponteareas.





Este tipo de axudas económicas deberán concederse seguindo os criterios xerais establecidos nesta Ordenanza, e mediante unha valoración profesional que teña en conta os distintos aspectos que se desenvolven neste regulamento.

En todo caso, ditas axudas estarán vinculadas a un programa de innovación social, que promova a participación positiva das persoas en situación ou risco de exclusión social, beneficiarias destas axudas, nas intervencións formativas de fomento da inserción laboral e/o de voluntariado e outras que se propoñan en dito programa, e que aceptará cada beneficiario a inclusión nunha base de datos que o Concello de Ponteareas, dentro dos Servizos Sociais, elaborará para que formen parte dun programa de innovación social.

CAPITULO I: DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1.—CONCEPTO

Considéranse axudas de emerxencia social, para os efectos da presente ordenanza, aquelas prestacións económicas de pago único, de carácter extraordinario e finalista, destinadas a resolver as situacións de emerxencia que afecten ás persoas ou familias as que sobreveñan situacións de necesidade o vérense privados dos medios de vida primarios e imprescindibles. A súa finalidade será dispensar unha atención básica e urgente no momento en que estas situacións de necesidade se produzan.

Apoiar aquellas persoas, familias, ou unidade de convivencia que carecen de recursos económicos para satisfacer as súas necesidades básicas (en relación coa alimentación aloxamento), ou calquera outra situación que poida supoñer un factor de marxinalidade ou risco de exclusión social.

A necesidade de dar resposta económica, pode esixir o pago urgente da axuda, xa que de non realizarse inmediatamente pode resultar ineficaz a concesión. A apreciación ou non da urgencia terá que contar na proposta e na resolución do expediente.

Dado o réxime normativo e as atencións as que responden as axudas económicas obxecto da ordenanza, serán sempre temporais para paliar necesidades extraordinarias e urgentes das persoas afectadas por situacións de emerxencia e terán que estar necesariamente incardinadas a un proceso de intervención social, que inclúa unha análise completa da situación individual, familiar ou de convivencia.

As axudas de emerxencia social en casos excepcionais e xustificados poderán ser complementarias doutras concedidas por outros organismos ou sistemas de protección social: públicos ou privados, sempre e cando, en ámbolos dous casos, as que outorguen os outros





Mércores, 3 de agosto de 2016

Nº 147

organismos non teñan a consideración de recursos económicos segundo a definición contida no artigo 17.1, sendo compatibles, polo tanto, coas axudas relacionadas no artigo 17.2 da mesma Lei.

O procedemento a seguir non é o xeral de concorrencia competitiva que fixa a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, pois resulta implícita nas prestacións a conceder e nas condicións sociais dos beneficiarios as razóns de interese público social humanitarias e outras que dificultan unha convocatoria pública de conformidade co establecido no artigo 22.2.c) da citada Lei.

Artigo 2.—OBXETO

O obxecto da presente ordenanza e a regulación das axudas de emerxencia social de carácter económico xestionadas pola concellería de Servizos Sociais do Concello de Ponteareas, os requisitos necesarios para acceder ás mesmas e o seu procedemento.

Artigo 3.—PERSONAS BENEFICIARIAS

Está dirixida a persoas individuais, unidades familiares e/ou unidades de convivencia que carezan de medios económicos e nas que concurran factores de risco, sendo sempre un apoio á intervención social.

Poderán solicitar axudas económicas as persoas físicas por si mesmas ou en nome da súa unidade familiar que, reunindo os requisitos establecidos atravesen unha situación de necesidade social.

Enténdese por unidade familiar a formada por máis dunha persoa cuxos membros, ademais de convivir no mesmo domicilio, estean unidos por relación conxugal ou análoga, adoptiva, tutela ou de consanguinidade ata o cuarto grao ou de afinidade ata o segundo grao.

Enténdese por unidade de convivencia o conxunto de persoas que habitan no mesmo domicilio non entando unidas por lazos de parentesco si non por amizade ou afinidade.

Na unidade familiar ou na unidade de convivencia un dos seus membros terá a condición de persoa beneficiaria da axuda, aínda que se lle otorge en beneficio da unidade familiar ou de convivencia, e coincidirá co membro que faga a solicitude, salvo que o traballador social motive no seu informe que sexa outro membro.

As axudas recollidas nesta ordenanza son otorgadas ata o límite económico que permitan ás consignacións económicas aprobadas en cada exercicio presupuestario.

Código seguro de verificación: OTK94TK4SCEJFY6I





Mércores, 3 de agosto de 2016

Nº 147

Por cada persoa física, unidade familiar ou unidade de convivencia non poderán superar a contía máxima de 1350€/ano, non computando a estos efectos os repartos en especie que se efectúen dende o Centro de Reparto de Alimentos (CRA).

As persoas solicitantes que poidan ser perceptoras dos programas de axudas de emerxencia social doutras administracións, serán derivadas, segundo criterio do técnico correspondente.

Artigo 4.—REQUISITOS

4.1.—Ter cumplidos os 16 anos, debidamente acreditado. Se efectuará con carácter retroactivo dende o 1 de xaneiro de 2016.

4.2.—Estar empadroado/a e ter residencia efectiva no Concello de Ponteareas, cunha antelación mínima de 6 meses no momento da solicitude. E con respecto as unidades de convivencia, a maiores, deben ser estables e continuadas, e dicir, deben existir e acreditar unha convivencia mínima de 6 meses.

4.3.—Non dispor de ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados da situación de emerxencia social, segundo o establecido nesta ordenanza.

4.4.—Aceptación polo beneficiario/a da súa inclusión ou dalgún membro da unidade familiar ou de convivencia na base de datos dun programa de integración social e comprometéndose a súa participación.

4.5.—Os beneficiarios ou beneficiarias de axudas por transeúntes contempladas no artigo 11 da presente ordenanza estarán exentos do cumprimento dos anteriores requisitos.

Artigo 5.—BAREMO ECONÓMICO PARA ACEDER ÁS AXUDAS

I) Baremo Económico

Poderán ser beneficiarios/as todos/as aqueles solicitantes que non superen ó mes os ingresos económicos reflexados na seguinte táboa:

SUBSIDIO BÁSICO 100% IPREM	532.51€
COMPLEMENTO FAMILIAR /CONVIVENCIA	
1º MEMBRO 14%	74.55
2º MEMBRO 12%	63.90
3º E SUCESIVOS 10%	53.25





Mércores, 3 de agosto de 2016

Nº 147

Esta táboa quedaría do seguinte xeito:

Membros unidade familiar/convivencia	Contías complemento Familiar/convivencia	Contías totais S.B. +C.F./ <u>C.C.</u>
Solicitante		532.51€
Solicit.+ 1 persoa	74.55€	607.06€
Solicit.+ 2 persoas	138,45€	670.96€
Solicit.+ 3 persoas	191,70€	724.21€
Solicit.+ 4 persoas	244,95€	777.46€*
Solicit.+ 5 persoas	298,20€	830.71€*
Solicit.+ 6 persoas	351,45€	883.96€*
Solicit.+ 7 persoas	404,70€	
Solicit.+ 8 persoas	457,95€	
Solicit.+ 9 persoas	511,20€	
(* A contía máxima do subsidio básico + complemento familiar é de 655,20€ ou de 883,96€ se hai menores).		

II) Excepción no baremo económico

Excepcionalmente os Servizos Sociais do Concello de Ponteareas, poderán valorar ás solicitudes que cumprindo con todos os demais requisitos previstos nesta ordenanza excedan o baremo económico nunha porcentaxe non superior o 10% do establecido neste artigo, como consecuencia dos gastos acreditados de vivenda habitual e/ou situación familiar de extrema urxencia, tendo en conta o previsto no artigo 48 punto 3 da ley 10/2013 de 27 de noviembre de Inclusión Social de Galicia.

A valoración destes casos como excepcionais, efectuarase seguindo os criterios que a continuación se detallan. Nestes casos, para ser beneficiarios da axuda deberán como mínimo obter unha puntuación total de 10 puntos.

1.—*Situación Socio-Familiar:* Factores Limitadores adicionais que afectan algúns dos membros da unidade familiar

a) Familia Destructurada: 1 punto.

b) Existencia dalgún membro con discapacidade (física, psíquica ou sensorial) debidamente acreditada: 1 punto.

c) Existencia dalgún membro da unidade familiar con problemas de adicción (alcohol, drogas e/ou outras adiccions): 1 punto.

d) Existencia dalgún membro da unidade familiar con enfermidade grave: 1 punto.





Mércores, 3 de agosto de 2016

Nº 147

e) Ausencia do fogar de ámbolos dous membros parenterais:

Situación/Tipoloxía da Vivenda:

- a) Vivenda en propiedade pagándose: 2 punto
- b) Vivenda en aluguer: 3 puntos
- c) Vivenda en precario, declarada como tal, previa visita das Traballadoras Sociais e informe correspondente: 2 puntos.

3.—*Situación de Risco e/ou Exclusión Social:*

- a) Situacións de desatención dos fillos menores por parte dos proxenitores ou representantes legais: 2 puntos.
- b) Problemas conductuais dos menores que integran a unidade familiar: 2 puntos.
- c) Situacións carenciais que afecten aos adultos integrantes da unidade familiar: 2 puntos.
- d) Problemas de conducta desadaptada que afecten aos proxenitores ou outros adultos integrantes da unidade familiar: 2 puntos.
- e) Situacións de violencia de xénero: 2 puntos.
- f) Familias que algúns dos membros da unidade familiar está en situación de desemprego: 2 puntos.

4.—*Familias en proceso de intervención social:*

- Familias incluídas no programa de educación familiar: 3 puntos:
- Familias beneficiarias da Risga: 3 puntos.

As solicitudes valoradas con estos criterios serán atendidas nas mesmas condicións que as axudas de emerxencia social, recollidas no capítulo II desta ordenanza.

Artigo 6.—OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Os/as beneficiarios/as das axudas ou no seu caso os seus representantes legais estarán obrigados a:

Destinar o importe das prestacións económicas ás finalidades para as que foron outorgadas.

Permitir e facilitar o labor ás persoas designadas para verificar a situación económica e familiar, sen menoscabo dos dereitos constitucionalmente recoñecidos.





Mércores, 3 de agosto de 2016

Nº 147

Ao cumprimento das condicións que poidan establecerse ou acordarse na concesión das prestacións ao titular para que, polos seus propios medios, poida superar a situación de necesidade da unidade familiar.

Escolarizar os/as menores ao seu cargo, que se atopen en idade escolar obligatoria (de 6 a 16 años).

Reintegrar as prestacións indebidamente percibidas ou que coincidan no tempo con outra prestación concedida para a mesma finalidade.

Os beneficiarios teñen a obriga de comunicar calquera variación da súa situación socio-económica, cambio de domicilio, etc.

Ditas obrigas serán comunicadas ao posible beneficiario/a no momento de comunicarle a resolución.

CAPÍTULO II: TIPOLOXIA DAS AXUDAS

Artigo 7.—AXUDAS PARA ATENCION DOS GASTOS DERIVADOS DA VIVIENDA HABITUAL

Consiste nunha axuda económica destinada ao aboamento dos gastos da vivenda habitual que garantice a continuidade na mesma. Inclúense:

7.1.—*Gastos de aluguer*: Consiste nunha axuda económica destinada ao aboamento dos recibos de aluguer da vivenda habitual que impidan os procedementos de desafiuamento por impago, “así como que existan garantías de continuidade na vivenda”.

Recibos de aluguer: ata un máximo de 3 recibos por beneficiario podéndose incluír como un recibo a fianza.

7.2.—*Créditos hipotecarios*: Consiste nunha axuda para o pago de recibos de créditos hipotecarios, da vivenda habitual nos seguintes termos: máximo 3 meses de hipoteca, sempre que exista garantía, debidamente acreditada por parte da entidade bancaria, de que o pago deses recibos solucionan a reclamación por demora e dan continuidade na vivenda habitual do beneficiario da axuda de emerxencia.

7.3.—*Débedas de suministros*: Consiste nunha axuda económica destinada ao aboamento de suministros da vivenda habitual e as contías das axudas poderán ser por beneficiario:

- Recibos de luz: ata un máximo de 400€/ano (un número máximo de 2 recibos/ano).
- Recibos de gas: ata un máximo de 300€/ano (un número máximo de 2 recibos/ano).





Mércores, 3 de agosto de 2016

Nº 147

- Recibos de auga: ata un máximo de 200€/ano (un número máximo de 2 recibos/ano).
- Recibo de enganche de luz por corte (impago): unha sóa vez por un período de 2 anos consecutivos.
- Recibo de conexión de gas por corte (impago): unha sóa vez por un período de 2 anos consecutivos.
- pago de recibo de conexión de auga por corte (impago): unha soa vez por período de 2 anos consecutivos.

Se contemplarán os casos de vivendas con calefacción eléctrica, nos que se podrá acumular coa axuda correspondente ó consumo de gas ($400\text{€} + 300\text{€} = 700\text{ €}$)

7.4.—Equipamento básico da vivenda habitual e reparacións menores de urgente necesidade e limpeza en casos extremos: Consiste nunha axuda económica destinada:

Merca de equipamento de primeira necesidade ou mobiliario básico cando o beneficiario careza destes bens ou se atopen moi deteriorados. O solicitante deberá presentar 3 orzamentos, preferentemente de baixo coste. Reservándose o dereito a poder solicitar algúm máis si así o considera procedente o equipo técnico dos Servizos Sociais.

Instalacións ou reparacións menores do fogar, previo informe e valoración da traballadora social.

Limpeza e desinfección necesarias para manter a vivenda en axeitadas condicións hixiénico-sanitaria e sempre que resulte de importancia vital para o usuario, ou para a súa unidade de convivencia, tras a valoración do traballador social a través do informe correspondente.

Os conceptos deberán ir perfectamente detallados e disagregados, en ningún caso se incluirán gastos de comunidade, limpeza de escaleiras ou outras relativas a bens comúns.

Artigo 8.—AXUDAS PARA NECESIDADES BASICAS: ALIMENTACIÓN BÁSICA E HIXIENE PERSONAL

Consiste na cobertura básica das necesidades primarias de alimentación e hixiene persoal para previr situacións de risco que afecten a persoas ou grupos familiares.

Ademais, en base ós informes dos Servizos Sociais municipais, poderanse aprobar axudas para estas necesidades básicas; alimentación, vestido, produtos de hixiene persoal, etc., en base ós requisitos descritos nesta Ordenanza.

O concello de Ponteareas contará con dúas liñas de actuación para dar cobertura as axudas para esta necesidade:





A. Centro de Reparto de Alimentos Municipal (CRA):

A Concellería de Servizos Sociais do Concello de Ponteareas, tomou a decisión de regular o acceso e entrega de alimentos do centro que xestiona no municipio, co obxectivo de mellorar o servizo, dando ferramentas administrativas axeitadas para unha valoración máis equitativa. Para a súa elaboración tívose en conta a Guía para as Entidades Benéficas participantes no Plan de Axuda Alimentaria as Persoas más necesitadas da Unión Europea.

OBXETIVOS:

Preténdese a continuidade de intervención desde a Unidade de Traballo Social, co fin de mellorar as situacións persoais e familiares. A repartición de alimentos é, á súa vez, un recurso máis para garantir a cobertura de necesidades básicas de persoas en situación de exclusión social así como para conseguir a integración social dos seus beneficiarios/as, que se atopan nunha situación de vulnerabilidade social.

METODOLOXÍA DE REPARTO:

O reparto será un día á semana, se é festivo pásase a outro día.

O acceso á recollida faise por turno numerado. Para iso ponse a disposición dos beneficiarios uns números correlativos media hora antes do inicio da entrega. Só se permitirá a recollida de un número por usuario/a do CRA.

Cada beneficiario ten unha tarxeta con un número de rexistro, que deben presentar no momento da recollida.

Entrégase a cada unidade de convivencia unha caixa cos alimentos dos que se dispoñen mais un litro de leite por persoa e semana.

Produtos, como o aceite, entréganse cada 15 días, así como as fabas e os garbanzos, as xudías en lata e o melocotón en almibar, altérnanse.

No caso dos potitos para bebés entrégase unha caixa de 12 unidades cada 2 semanas.

O Concello garantizará como mínimo a entrega destes produtos ou similares.

Os beneficiarios asinan a recepción dos produtos.

Se non poden acudir en tempo e día por razón puntuais, se lles atende en calquera momento que acudan ao Centro Social.

En situación de imposibilidade de desprazarse por enfermidade, se lles leva a casa.





Mércores, 3 de agosto de 2016

Nº 147

No momento de facer a solicitude se lles facilita unha bolsa de xeito inmediato.

O CRA traballará por variar a lista de produtos que se entregan mediante convenios con diferentes entidades.

Se contemplará no reparto dos alimentos os usuarios/as con alerxias e intolerancias alimenticias, tendo existencias para estes casos.

OBRIGAS DE DOCUMENTACIÓN:

O CRA pode recibir inspeccións do Ministerio de Agricultura ou da Cruz Vermella polo que debe dispor de documentación de tódolos beneficiarios. Dita documentación actualizarase anualmente.

O FEGA (Fondo Español de Garantía Agraria) comproba os datos que se lles facilita e non permite a duplicidade de usuarios en distintos centros.

REQUISITOS:

Para acceder ás axudas do Centro de Reparto de Alimentos só se terán en conta os requisitos enumerados a continuación:

4.1.—Ter cumplidos os 16 anos, debidamente acreditado.

4.2.—Estar empadroado/a e ter residencia efectiva no Concello de Ponteareas.

4.3.—Non dispor de ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados da situación de emerxencia social, segundo o establecido nesta ordenanza.

BAREMO ECONÓMICO PARA ACCEDER A AXUDA

O Centro de Reparto de Alimentos rexirase polo baremo económico reflectido no artigo 5 desta ordenanza.

DOCUMENTACIÓN

A presentación de solicitudes para o acceso ao Centro de Reparto de Alimentos rexirase polo artigo 14 desta ordenanza.

REVOGACION DAS AXUDAS

As causas de revogacións das axudas municipais de acceso ao Centro de Reparto de Alimentos serán as seguintes:

1.—Renuncia expresa

Código seguro de verificación: OTK94TK4SCEJFY6I





Mércores, 3 de agosto de 2016

Nº 147

- 2.—Falsididade e ocultamento de calquera dos datos declarados pola persoa solicitante.
- 3.—Desaparición das circunstancias que deron orixe da súa concesión.
- 4.—Falecemento da persoa solicitante-titular da axuda, cando esta non sexa membro dunha unidade familiar nin dunha unidade de convivencia.

B. Vale de compra nominal:

Xestión desta liña de actuación:

- A persoa, técnica de servizos sociais entrega ao beneficiario un vale de compra autocopiativo, reservándose unha copia para achegar ao expediente social.
- A persoa beneficiaria entrega o vale orixinal no autoservizo concertado como pago de alimentos que el mesmo collerá polo importe indicado.
- Mensualmente o establecemento concertado remítelle ao concello unha factura xunto cos vales orixinais co importe total do mes correspondente.

O tempo máximo para poder percibir vales de alimentos será de 24 meses, a contar dende a data do primeiro vale entregado e unha vez aprobado o presente regulamento.

Unha vez esgotado o período máximo de concesión non poderán ser beneficiarios de novo ata pasado un período mínimo de 6 meses, salvo que a criterio técnico se considere necesario non interromper o período máximo de concesión.

O importe de cada vale de compra nominal será de 25 €. En función do número de membros da unidade familiar, o número máximo de vales e o importe total correspondente a ese número máximo de vales que se poderá entregar ó ano, será:

- Unidades familiares de tres ou menos membros: ata un máximo de 4 vales, o que suporía un importe total anual máximo de 100 €.
- Unidades familiares de más de tres membros: ata un máximo de 6 vales, o que suporía un importe total anual máximo de 150 €.

Os vales de compra emitiranse en soporte papel. O seu uso é persoal e intransferible. Expediranse nas oficinas de servizos sociais do Concello de Ponteareas, onde se entregarán aos beneficiarios, estando estes obrigados a cumplir as normas establecidas para esta axuda.

As persoas beneficiarias entregarán o vale de compra ao establecemento concertado como pago de alimentos que el mesmo collerá polo importe indicado. Presentarase o DNI ou NIE do beneficiario no momento de facer a compra.





Mércores, 3 de agosto de 2016

Nº 147

Os vales expediranse por importe 25 euros. O beneficiario achegará a moeda fraccionada correspondente no caso de sobrepasar a cantidade indicada anteriormente.

Os vales terán validez de tres meses, a contar a partir da data reflectida neles.

Os vales de compra deberán conter:

- Valor do vale (25 euros).
- Número de vale.
- DNI ou NIE do beneficiario.
- Nome e apelidos do beneficiario.
- Sinatura da traballadora social responsábel dos Servizos Sociais.
- Data de expedición do vale.

Para facer a compra o usuario terá que ter en conta unha serie de normas, especificadas no reverso do vale:

En ningún caso poderanxe adquirir algún dos seguintes produtos:

- Bebidas alcohólicas de ningún tipo
- Produtos de denominación de orixe (xamóns, lacóns, embutidos de tipo ibérico,...)
- Especialidades concretas

Deberanse consumir preferentemente produtos de primeira necesidade e de marcas brancas.

Os produtos que se poden proporcionar serán os relacionados para unha alimentación sana e equilibrada, destinados a cubrir as necesidades básicas ademais de produtos de droguería, limpeza do fogar e hixiene persoal.

No caso de ter que facer algunha modificación terá que estar debidamente documentado.

No suposto de que chegue a coñecemento dos servizos sociais municipais que o/a beneficiario/a obtivo unha axuda doutra administración, institución ou entidade pública en concepto de alimentos ou produtos similares os vales, o técnico de servizos sociais que teña instruído o expediente poderá propoñer a extinción do dereito a axuda.

Cando a utilización desta axuda non se axuste á normativa establecida nesta ordenanza reguladora, dará lugar á perda do dereito de disfrutar dela.

“Nos supostos en que os/as usuarios/as teñan sido beneficiarios/as doutras axudas de emerxencia social previstas nesta Ordenanza, os Servizos Sociais valorarán e informarán sobre a compatibilidade delas coas que se regulan no presente artigo”.





Mércores, 3 de agosto de 2016

Nº 147

Os modelos/anexos para acceder ó Centro de Reparto de Alimentos Municipal (CRA) e ó Vale de compra nominal serán aprobados con posterioridade pola Xunta de Goberno Local.

Artigo 9.—GASTOS DE ATENCIÓN SANITARIA E OUTROS TRATAMENTOS

Consiste nunha prestación económica para axudar a sufragar aqueles gastos nos que o solicitante necesita incurrir por prescripción facultativa, e que se correspondan con:

Tratamentos derivados de enfermidades graves en familias en risco de exclusión social, diagnosticadas e prescritas pola Seguridade Social, e que non están cubertos na súa totalidade, é dicir, que deban asumir un copago dos mesmos ou que non teñan cobertura.

Próteses e artigos de ortopedia, prescritas pola Seguridade Social, naqueles casos en que xa realizaran a solicitude correspondente no organismo competente, e con resolución firme.

A contía desta axuda establecécese nun importe máximo de 600€/ano por beneficiario.

Artigo 10.—AXUDAS ESCOLARES

En función do tipo de necesidade expresada polo solicitante e da valoración da situación efectuada polo equipo técnico de servizos sociais, descríbanse os seguintes tipos de axuda:

10.1.—Comedor escolar: Consiste nunha axuda dirixida aos nenos e nenas matriculados en centros escolares públicos municipais, empadroados no municipio de Ponteareas e que pertenezan a familias que reúnan os requisitos previstos nos artigos desta ordenanza.

Os casos que se contemplan neste punto poden ser de dous tipos:

- aqueles que áinda que o neno/a fora aceptado para o comedor escolar, a familia/tutor legal non poden aboar a cota correspondente, o Concello farase cargo desa cota previo informe por parte do Centro/Anpa/Director do Colexio que acredite dita situación.
- ou aqueles que, a pesares de solicitar praza no comedor escolar (o cal deben acreditar ante o traballador social), non lles foi concedida. O Concello, previo informe do técnico correspondente, farase cargo de que se suministren os menús.

Artigo 11.—AXUDAS PARA TRANSEÚNTES:

No caso de transeúntes ou indixentes poderán acceder ao seguinte tipo de axudas:

- Merca dun billete de bus ou tren para desprazamentos dentro do territorio provincial.
- Información, orientación e asesoramento.
- Produtos de primeira necesidade.

Código seguro de verificación: OTK94TK4SCCEJFY6I





Mércores, 3 de agosto de 2016

Nº 147

Artigo 12.—GASTOS POLIVALENTES

Destinado a calquera tipo de axuda que non poida ser atendida por ningún dos conceptos contemplados nos artigos anteriores ou por calquera outro tipo de prestación ou axuda, tales como decesos. So se concederá esta prestación naqueles supostos nos que a persoa solicitante, cumprindo os requisitos establecidos nesta ordenanza, non poida asumir o custo da axuda solicitada, ao atoparse nunca situación de percariedade económica.

Establecese para este tipo de axudas unha contía máxima de 750€/ano por beneficiario.

CAPITULO III: PROCEDIMENTO, INICIACION, INSTRUCCIÓN E RESOLUCION**Artigo 13.—ORIENTACIÓN E INFORMACIÓN**

Os Servizos Sociais informarán, valorarán e orientarán das prestacións sociais de carácter económico xestionadas pola concellaría de Servizos Sociais do Concello de Ponteareas, e dos requisitos necesarios para acceder as mesmas e o seu procedemento.

As solicitudes xunto coa documentación esixida presentarase no Rexistro municipal do Concello de Ponteareas. As solicitudes que se presenten dirixiranse ao Alcalde(sa) do Concello de Ponteareas, para o seu traslado ao departamento de Servizos Sociais.

O prazo de petición manterase permanentemente aberto, suxeito, en todo caso, a existencia de consignación orzamentaria para fazer frente ao custo das axudas en cada uns dos exercicios orzamentarios.

Artigo 14.—DOCUMENTACIÓN

Xunto coa solicitude (Anexo I), achegarase a seguinte documentación de toda a unidade familiar:

- Fotocopia compulsada do DNI/NIE ou pasaporte, en vigor.
- Fotocopia compulsada do libro de familia/ certificación de nacemento ou documentos acreditativos de acollemento ou tutela.
- Xustificación do estado civil. No caso de separación ou divorcio, deberán presentar documentación acreditativa desta situación e acreditar as pensións alimenticias ou compensatorias no seu caso. No seu defecto deberá presentar documento que acredite habelo reclamado.
- Volante de Padrón municipal de habitantes, conforme a residencia e convivencia.
- Fotocopia da Declaración do IRPF do ano corrente ou do anterior dependendo da data da solicitude. No caso de non estar obrigado a presentala, certificación negativa da Axencia Estatal de Administración Tributaria relativa aos membros da





unidade familiar maiores de 16 anos. Esta obriga poderase sustituir pola autorización ao Concello para consultar esta información vía telemática a administración de facenda.

- Xustificante dos ingresos económicos de todos os membros da unidade familiar maiores de 16 anos, a través de:
 - Desempeñando actividade laboral, pensionistas, ou perceptores de prestación ou subsidio:
 - Seis últimas nóminas
 - Certificado da Pensión/Prestación ou Subsidio, emitido polo organismo correspondente.
 - Declaración Xurada e responsable de ingresos en caso de carecer de contrato ou nóminas.
 - Situación de desemprego sen dereito a prestación, pensión ou subsidio:
 - Xustificante de inscrición como demandante no servizo estatal de emprego.
 - Certificado negativo de non percibir prestación, pensión ou subsidio emitido polo organismo correspondente.
 - Declaración xurada e responsábel de non exercer actividade laboral e non percibir ingresos.
 - Xustificante de gastos de vivenda:
 - Fotocopia do contrato de aluguer da vivenda e último recibo de pago, de ser o caso.
 - Fotocopia do recibo do último pago da hipoteca, de ser o caso
 - Certificado de Discapacidade emitido polo órgano correspondente, se fose o caso.
 - Documentos, orixinais, acreditativos da situación de necesidade determinante da solicitude, así como, o xustificante do seu custo. Presuposto detallado.
 - Nas axudas que impliquen a adecuación da vivenda, documento que acredite a propiedade ou alugueiro, e neste suposto a autorización do propietario.
 - Documento de cesión de pago, PAGO DELEGADO (Anexo II).
 - Certificado de conta bancaria do solicitante ou do provedor/acreedor se é o caso (pago delegado) coa copia do DNI/NIE do mesmo.
 - Declaración responsable de no encontrarse encurso en ningunha das prohibicións para ostentar a condición de beneficiario reguladas no artigo 13.2 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.
 - Calquera outra documentación que o departamento de Servizos Sociais estime oportuno para a resolución do expediente familiar.





Mércores, 3 de agosto de 2016

Nº 147

Artigo 15.—TRAMITACIÓN

As solicitudes de axudas de emergencia presentaranse de acordo co seguinte:

1.—A solicitud en modelo oficial dirixido ó/a Alcalde/sa, acompañada da documentación complementaria pertinente en cada caso, presentarase persoalmente ante o rexistro xeral municipal.

2.—O prazo para a presentación de solicitudes permanecerá aberto, con carácter permanente. A concesión das axudas estará suxeita en todo caso á existencia da correspondente consignación orzamentaria.

3.—A solicitud unha vez rexistrada polo departamento municipal correspondente, daráselle traslado ao departamento de Servizos Sociais para a súa valoración.

4. En calquera fase do procedemento, o solicitante, pode desistir a seguir co trámite de solicitud iniciado ou renunciar a recibir as axudas concedidas.

5. A ocultación ou falsidade dos datos que figuren na solicitud ou nos documentos aportados, poderá ser considerado causa suficiente para denegar a axuda solicitada.

Artigo 16.—EMENDAS DA SOLICITUDE

Se os Servizos Sociais, unha vez recibida no seu departamento, a solicitud xunto a documentación, observan a falta dalgúnha documentación esencial ou outra que se considerase pertinente para a valoración do expediente, poderá requerir o solicitante que a presente nun prazo de 10 días hábiles desde que se lle notifique, con indicación de que si así non o fixera darase por desistida a súa petición.

Artigo 17.—INSTRUCIÓN

1. A instrucción do procedemento realizarase polos Servizos Sociais do Concello de Ponteareas.

2. Á solicitud e documentación presentada segundo esta ordenanza, unirase o estudo da situación socio-familiar, realizado por parte do Traballador/a Social do centro de Servizos Sociais para a valoración da petición formulada.

3. O Traballador/a Social dos Servizos Sociais Comunitarios de Ponteareas, emitirá o correspondente informe social coa proposta, no que se valorará debidamente a situación que o interesado/a acreditou documentalmente e cuantificará o importe da axuda.

Código seguro de verificación: OTK94TK4SCEJFY6I





Mércores, 3 de agosto de 2016

Nº 147

4. Unha vez que estea completo o expediente, o departamento de Servizos Sociais, remitirao xunto coa valoración e proposta, nun prazo máximo de 15 días naturais dende a súa recepción no rexistro, a Xunta de Goberno Local para a súa resolución.

Previo a celebración da Xunta de Goberno Local, o departamento de intervención deste Concello, deberá emitir un informe da existencia de crédito necesario, para a aprobación da axuda, que tamén se achegará o expediente de solicitude.

Artigo 18 .—RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

1. As resolucións relativas as axudas económicas municipais, adoptaranse por acordo da Xunta de Goberno Municipal, no prazo máximo de 30 días naturais, contados dende a presentación da solicitude.

2. As resolucións notifíquense por escrito os interesados na forma e por calquera dos medios que permita ter constancia da recepción polos interesados, o igual que se notificará o Traballador/a Social que valorou o expediente.

3. Unha vez tomado o adoptado o acordo pola Xunta de Goberno Local, darase conta da resolución ó departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida o solicitante ou ó provedor, segundo o caso.

Artigo 19.—PROCEDEMENTO DE URXENCIA PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS

A tramitación con carácter de urxente darase a aqueles casos especiais e con carácter excepcional, que precisan, a criterio do/a traballador/a social unha resolución inmediata.

O procedemento a seguir será o que se sinala a continuación:

1. Presentación da instancia solicitude coa documentación que pola traballadora social se estime necesaria.

2. Elaboración do informe do/a traballador/a social, avaliando a situación de necesidade e o carácter prioritario e urxente da concesión da axuda e contía, que deberá ser presentado pola persoa responsable do departamento de Servizos Sociais.

3. Estimación de si procede ou non a concesión do carácter de urxencia pola persoa responsable do departamento de Servizos Sociais, que remitiría á/o Concelleira/o de Servizos Socias.

4. A/O Concelleira/o de Servizos Socias, a vista do informe social, e do visto e





Mércores, 3 de agosto de 2016

Nº 147

prace da/o responsable do departamento de Servizos Sociais, con carácter inmediato ditará unha providencia para darlle prioridade a tramitación do expediente, solicitando a boa disposición dos servizos implicados para unha inmediata resolución.

5. Informe do expediente pola/o responsable do departamento de Servizos Sociais, onde porá de manifesto o carácter de urgente, o cumprimento dos requisitos sinalados para percibir a axuda solicitada, a contía da mesma, así como os medios de xustificación do gasto, dando o seu traslado os servizos da intervención municipal.

6. Pagamento da axuda nun prazo máximo de 72 horas.

Artigo 20.—FORMA DE PAGO E XUSTIFICACIÓN DO GASTO

Adoptada a resolución polo órgano competente e polo que se concede a axuda económica, esta abonarase con carácter xeral, mediante transferencia bancaria do Concello a conta do beneficiario (pago directo) ou a persoa ou entidade que este autorice (pago delegado) e o informe social así o apoie.

Artigo 21.—XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS

Os beneficiarios, no prazo máximo dun mes a partir da data de pago da axuda, deberán xustificar documentalmente, no departamento de Servizos Sociais deste concello, a realización do gasto destinado ó fin do que motivou a concesión da axuda económica, mediante facturas, contratos, recibos pagados, debidamente cursados.

O departamento de Servizos sociais coa documentación que lle aporten os beneficiarios, cando esta complete o expediente, xustificarán ante o departamento de intervención municipal a axuda concedida, mediante informe.

Considerase que a subvención queda xustificada mediante o pago do Concello o cesionario, en base a cesión que dos dereitos de cobro fai o beneficiario-cedente, pero sin que en ningún caso o cesionario forme parte da relación subvencional.

Artigo 22.—CAUSAS DE DENEGACIÓN

Poderán ser denegadas aquelas situación nas que concorran algunas das seguintes circunstancias:

1. Que non cumplan os requisitos esixidos na presente ordenanza.
2. Que a axuda solicitada non sexa adecuada para a resolución da necesidade presentada.



***Artigo 23.—REVOGACIÓN DAS AXUDAS***

As causas de revogacións das axudas municipais de emerxencia social serán as seguintes:

- 1.—Renuncia expresa
- 2.—Falsidade e ocultamento de calquera dos datos declarados pola persoa solicitante.
- 3.—Desaparición das circunstancias que deron orixe da súa concesión.
- 4.—Falecemento da persoa solicitante—titular da axuda, cando esta non sexa membro dunha unidade familiar nin dunha unidade de convivencia.
- 5.—Non aceptación por parte do solicitante a quedar incluidos na base de datos do proxecto de innovación social.
- 6.—Non cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias establecidas da presente ordenanza.

1. Disposición final

De conformidade co que dispón o artigo 70.2 da Lei 7/85, Reguladora das Bases do Régime Local, esta ordenanza entrará en vigor unha vez que o Concello publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e logo de que transcorra o prazo de quince días hábiles ó que se refire o artigo 65.2 desa Lei.).

Disposición transitoria

En tanto non se aproba una ordenanza que regule os criterios de adjudicación, normas de funcionamento e utilización das vivendas de emerxencia social, aplicaranse os procedementos e utilización de ditas vivendas os criterios contidos na presente ordenanza, e os servizos sociais serán os que informen sobre se é posible compatibilizar o uso das vivendas en cuestión coas axudas reguladas nesta Ordenanza.





Mércores, 3 de agosto de 2016

Nº 147

ANEXO I SOLICITUDE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL

DATOS DO/A SOLICITANTE

Apelidos.....
<i>Nome</i>
<i>D.N.I./N.I.E.</i>
<i>Data Nacemento</i> <i>Idade</i>
<i>Estado civil</i>
<i>Enderezo</i>
<i>Teléfono</i>
<i>Ocupación</i>

AXUDA QUE SOLICITA (adxuntar orzamentos)

Concepto	Contía

DECLARA

Que forma parte da unidade convivencial..... persoas, e que os ingresos da unidade familiar ascenden a € mensuais.

Que tódolos contidos nesta solicitude e nos documentos que se adxuntan son verdadeiros, non existindo omisión de datos, así como que non percibe axuda doutro organismo polo mesmo concepto.

Ponteareas, de de 20....
Asdo.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEAREAS





Mércores, 3 de agosto de 2016

Nº 147

ANEXO II PAGO DELEGADO Ó PROVEDOR/ACREDOR

Eu D/D^a..... Con nº de
D.N.I./N.I.E....., delego a percepción
da axuda de emerxencia social municipal concedida a
D/D^a ou Razón Social.....
con nº de D.N.I./N.I.F.....

Sinatura do solicitante da axuda

DATOS BANCARIOS DO PROVEDOR/ACREDOR

DATOS DO PROVEDOR/ACREDOR

Nome e apelidos ou razón social:.....

Endereço:.....localidade:.....

Provincia.....código postal.....DNI ou NIF.....

DATOS BANCARIOS

Nome da entidade financeira.....

Endereço.....localidade.....

Ponteareas, de 20

Sinatura e selo da persoa ou empresa autorizada

DILIXENCIA DO AXENTE PAGADOR-Aceptase a elección formulada polo perceptor ó
que se refire o presente documento nos termos

Data, Sinatura e Selo do Banco ou Caixa

CLAVE BANCO CLAVE SUR

DC

CONTA Nº....."

Ponteareas, 26 de xullo de 2016.—O Alcalde, Xosé Represas Giráldez.

